

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de marzo de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D^a Elena Maure Noia

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González

D^a Laura López Atrio
D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás vinte e unha horas e trinta minutos do día dezasete de marzo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(322).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(323).- CESAMENTO EN EXECUCIÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA RELATIVA Á PRAZA DE MÉDICO PSIQUIATRA ADSCRITA A CEDRO. EXPTE. 18876/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 13.03.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En data 23 de maio do 2001 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no recurso nº 380/1990, interposto por D. Domingo Miguel Arias contra a resolución do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente de 16 de xaneiro do 1998, na cal literalmente se fallou:*

“Que debemos estimar y estimamos el recurso contencioso-administrativo (en la pretensión formulada con carácter subsidiario) deducido por D. Domingo Miguel Arias contra Resolución del Ilmo. Sr. Alcalde de Vigo de dieciséis de enero de mil novecientos noventa y ocho (sic), sobre nombramiento como funcionario en plaza de médico a D. Francisco Abel Otero Lamas; y debemos anular y anulamos dicho acto administrativo por no encontrarlo ajustado al Ordenamiento jurídico, debiendo el Tribunal calificador de la prueba de autos valorar los méritos del recurrente, a acreditar por el mismo en la forma que señala dicho Tribunal; sin hacer pronunciamiento respecto al pago de las costas devengadas en la substanciación del procedimiento.”

2.- *Contra a dita resolución xudicial, o Concello de Vigo e D. Francisco Abel Otero Lamas interpueron recurso de casación perante o Tribunal Supremo, que foi resolto por Sentenza do 5 de marzo do 2002 (recurso nº 214/2002), desestimando o Alto Tribunal os recursos de casación presentados.*

3.- *Tendo sido instada a execución da sentenza por D. Domingo Miguel Arias, e manifestada pola representación legal do Concello a imposibilidade legal e material de execución da sentenza, como figura na documentación adxunta ao presente expediente administrativo- en Auto de data 10/02/2009 –notificado ao Concello o 26/02/2009 e ao Servizo de Recursos Humanos o 02/03/2009- o TSXG require ao Concello para que no prazo de 20 días naturais se proceda á execución efectiva da sentenza nos termos do disposto no fundamento xurídico único do mesmo, debendo informar en todo caso con carácter previo acerca da data e forma en que procedeu a deixar sen efecto o Decreto do 30 de decembro do 1997 anulado polo fallo de cuxa execución se trata, á vista do cal non resta máis que proceder á efectiva execución da sentenza.*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. *O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignent; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.*

A vixente Constitución de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprilas sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requirida por éstes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.

A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ó principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103); no apartado 2 do artigo 103 da citada Lei 29/1998 se consigna a obriga que teñen todas as persoas e entidades -públicas e privadas- de prestar toda a colaboración requirida polos xulgados e tribunais do Contencioso-Administrativo para a debida e completa execución do resolto. É no apartado 4 do mesmo onde se establece que son nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios ós pronunciamentos das sentenzas que se dicten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.

No artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa citada preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. No presente suposto, o Auto do TSXG do 26 de febreiro do 2009 contén como concreto mandato xudicial as actuacións seguintes, segundo o fundamento xurídico Único da mesma:

-Con carácter previo, debe quedar constancia de que o Concello de Vigo deixa sen efecto –coas consecuencias derivadas do mesmo- o Decreto da Alcaldía anulado pola sentenza que se dí.

-De forma inmediata e no citado prazo improrrogable de 20 días naturais, debe procederse, tras o nomeamento do correspondente Tribunal consonte ás previsións da nova normativa en vigor, a valorar motivadamente os méritos aportados pola parte actora, cos efectos derivados da dita valoración.

Por este Servizo de Recursos Humanos foille manifestada ao TSXG a imposibilidade legal e material de convocar ao tribunal cualificador de autos designado por Decreto da Alcaldía-Presidencia do 23 de novembro do 1992, segundo figura nos escritos asinados pola suscribinte en datas 03/04/2008 e 05/12/2008 e remitidos á Asesoría Xurídica Municipal; nos temos do propio Auto recentemente notificado, e á vista da brevidade dos prazos, proponse en consecuencia a execución inmediata e efectiva da sentenza citada nos seus propios termos, de modo que non se incorra en responsabilidades por incumprimento por parte do Concello de Vigo nin das autoridades e funcionarios públicos ao seu servizo.

IV. Sen prexuízo das competencias que o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para acordar a execución efectiva da sentenza, toda vez que implica o cesamento do funcionario nomeado no seu día D. Francisco Abel Otero Lamas, de conformidade co establecido no artigo 127.1.h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictada no recurso nº 380/1990, interposto por D. Domingo Miguel Arias contra a resolución do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente de 16 de xaneiro do 1998, na cal literalmente se fallou:

“Que debemos estimar y estimamos el recurso contencioso-administrativo (en la pretensión formulada con carácter subsidiario) deducido por D. Domingo Miguel Arias contra Resolución del Ilmo. Sr. Alcalde de Vigo de dieciséis de enero de mil novecientos noventa y ocho (sic), sobre nombramiento como funcionario en plaza de médico a D. Francisco Abel Otero Lamas; y debemos anular y anulamos dicho acto administrativo por no encontrarlo ajustado al Ordenamiento jurídico, debiendo el Tribunal calificador de la prueba de autos valorar los méritos del recurrente, a acreditar por el mismo en la forma que señala dicho Tribunal; sin hacer pronunciamiento respecto al pago de las costas devengadas en la substanciación del procedimiento.”

SEGUNDO.- Deixar sen efecto o Decreto da Alcaldía-Presidentencia de data 30 de decembro do 1997, nos termos do esixido na parte dispositiva do Auto do TSXG do 10 de febreiro do 2009 en relación co fundamento xurídico único, acordando en consecuencia o cese de D. Francisco Abel Otero Lamas, con nº de persoal 77.458, na súa condición de funcionario de carreira do Concello de Vigo con praza de médico-psiquiatra adscrito ao posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo do CEDRO” (código 315.01, código retributivo 041) tendo efectos económicos e administrativos do día seguinte ao da data de adopción do presente acordo.

TERCEIRO.- Convocar, ao abeiro do disposto no Auto do TSXG do 10 de febreiro do 2009, o órgano de selección encargado de realizar as actuacións ordenadas pola sentenza que se executa, nos termos do disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, cuxos concretos integrantes deberán designarse por resolución do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, na cal adicionalmente se fixará data, hora e lugar de celebración da fase de valoración dos méritos.

O dito órgano de selección estará composto polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral ou especial, funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

- Secretario: funcionario con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral (rama xurídica) funcionario de carreira do Concello de Vigo, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

- Vogais: tres funcionarios de carreira (ou persoal estatutario dos Servizos de Saúde ex artigo 2.4 da Lei 7/2007, do 12 de abril) de calquera das Administracións Públicas (Administración do Estado, Administración Autónoma ou Administracións Locais) encadrados no subgrupo A1, que comparecerán en todo caso a título individual, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Este órgano terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario- cumprindo os principios de profesionalidade, imparcialidade e comparecencia a título individual contidos no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, así como os xerais esixidos no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, anteriormente citada.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, a través do Servizo de Asesoría Xurídica do Concello, notificando asemade o mesmo ao funcionario cesado, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e organización e Negociado de Seguridade Social) e Comité de Persoal aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(324).- PROGRAMA “CIRCUITO CIDADE DE VIGO DE CARREIRAS POPULARES 2009”. EXPTE.8523/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, de data 13.03.09, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.03.09, conformado polo concelleiro de Deportes e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobar o texto das bases do Programa “Circuito Cidade de Vigo de Carreiras Populares Vigo 2009”.

Segundo: Aprobar o gasto de 9.200,00 €. en concepto de premios aos tres primeiros cualificados e clasificadas de cada unha das categorías do programa, con cargo á partida orzamen-

taria 4521.481.00.00 “premios liga pedestre 2009” no vixente orzamento de gastos da concellería de Deportes.

Terceiro: Nomear responsable da xestión dos fondos asignados á finalidade do programa, a súa entrega e xustificación e a correcta aplicación das bases a D. Jose Ángel Otero Lamas, Director Deportivo do IMD.

Cuarto: Autorizar que o pago se realice en efectivo a través da emisión dun libramento a xustificar a prol do habilitado D. Jose Ángel Otero Lamas na conta habilitada da Concellería de Deportes 2080 0000 74 0040270465.

Quinto: A xustificación do libramento en forma de conta xustificativa conterá: As bases do programa, o acta cos premiados, os recibis dos premiados conforme recibiron os premios e a conformidade do responsable da aplicación dos fondos recibidos.

PROGRAMA “CIRCUITO CIDADE DE VIGO DE CARREIRAS POPULARES 2009”

A concellería de Deportes, dentro do seu labor de promoción e difusión do deporte na sociedade viguesa, deseñou o programa “Circuito Cidade de Vigo de carreiras Populares 2009”, que se desenvolverá en base á coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo.

A día de hoxe constátase o éxito de participación nas iniciativas municipais relacionadas co deporte, o que indica a necesidade de seguir apostando por propostas novedosas e iniciativas que atraian de xeito indubitable á atención dos e das deportistas da cidade, e permitindo ó mesmo tempo avanzar no propósito da Concellería de Deportes do Concello de Vigo de promocionar e fomentar o deporte popular.

Neste caso particular, ademáis, vaise contar coa colaboración da fundación VIDE, que será a responsable das inscricións, de actualizar os datos dos e das deportistas tras cada unha das probas na sección oficial da Liga dentro da súa páxina Web, de manter informados ós e ás participantes de calquera incidencia ou cambio nas probas mediante a actualización dos datos na súa páxina Web...

Varios son os obxectivos iniciais que se perseguen con esta iniciativa. Por unha banda, trátase de fomentar a actividade física entre a poboación de Vigo, cun calendario unificado e coordinado desde o propio Concello en colaboración coa Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo e da Fundación VIDE, das diferentes probas pedestres que se desenvolven na cidade. En segundo lugar, perséguese elevar o nivel xeral de participación dos e das deportistas en todas as franxas de idade nas diferentes probas, implicando ós diferentes organizadores nunha mesma estrutura organizativa, elaborando unha listaxe unificada de participantes, puntuacións e clasificacións xerais na que todos e todas as participantes de todas as idades poderá comprobar a súa posición tras cada unha das probas celebradas, e ó final do Campionato. Por último, trátase de conseguir atraer ós e ás mellores deportistas e incentivar a súa participación, dotando ó programa dunha consignación económica destinada a premiar o rendemento dos participantes, elevando desta forma o nivel deportivo das probas.

A Liga é un evento aberto a todo tipo de participantes, sen necesidade de estar federado.

1- PROBAS INCLUIDAS NO CIRCUITO CIDADE DE VIGO DE CARREIRAS POPULARES 2009:

PROBAS	CALENDARIO	ORGANIZADOR
III Carreira Universitaria de Vigo	22 de Marzo de 2009	Universidade de Vigo
XXIV Carreira de San Xoan	23 de Xuño	Fed. Galega Atletismo
Vigo máis 11	11 de Outubro	Fed. Galega Atletismo
Subida ó Castro	Decembro de 2009	RP3
Carreira do Pavo	Decembro de 2009	Fed. Galega Atletismo

2- CATEGORÍAS PARTICIPANTES:

2.1- *Categoría Promesas-Absoluto masculino (P.A.M.) e feminina (P.A.F.).*

Según as especificacións de idade da Federación Galega de Atletismo.

2.2- *Categoría Junior-Juvenil masculino (J.J.M.) e feminina (J.J.F.).*

Según especificacións de idade da Federación Galega de Atletismo.

2.3- *Categorías veteranos masculino e feminina:*

● *Masculino:*

M40	<i>Nadas entre o 1/Xan/1960 e 31/Dec/1969</i>
M50	<i>Nadas entre 1/Xan/1950 e 31/Dec/1959</i>
M60	<i>Nadas antes do 1/Xan/1950</i>

● *feminino:*

F35	<i>Nados entre 1/xan/1960 e 31/Dec/1974</i>
F50	<i>Nados entre 1/Xan/1950 e 31/Dec/1959</i>
F60	<i>Nados antes do 1/Xan/1950</i>

3- NORMATIVA:

- *A normativa xeral das probas será a vixente da Real Federación Española de Atletismo e a normativa particular de cada unha das probas incluídas no circuito.*
- *A Concellería de Deportes e a Fundación VIDE non se responsabilizan da organización e/ou coordinación individual de cada unha das probas incluídas no circuito, obriga exclusiva das entidades organizadoras de cada unha delas.*
- *Computaranse no rexistro do circuito os resultados transmitidos polos organizadores de cada unha das probas incluídas na Liga.*
- *Para optar ós premios económicos finais da Liga, se esixe haber participado, polo menos, en catro das cinco probas da Liga. Os inscritos e as inscritas en probas soltas en número inferior a catro, non puntuarán no cómputo final que da a posibilidade de optar tanto ós premios en metálico do circuito aínda que coa súa puntuación acadaran o dito posto.*
- *Para optar ó galardón de Campión e Campiona da Liga de Vigo de pedestrismo en calquera das categorías, se esixe haber participado polo menos en catro das cinco probas da Liga. Os*

inscritos e as inscritas en probas soltas en número inferior a catro, non puntuarán no cómputo final que da a posibilidade de optar tanto ós galardóns de campión e campiona do circuito aínda que coa súa puntuación acadaran o dito posto.

- A listaxe coas puntuacións parciais da cada un dos e das participantes exporase na WEB da Fundación VIDE cada luns seguinte á proba. A cada participante asignaráselle un código a través do cal comprobar a súa posición.
- Todos os participantes no circuito de Carreiras populares de Vigo 2009, polo feito de participar nunha carreira do mesmo, aceptan o regulamento particular do mesmo e o de cada unha das probas, formalizando a inscrición con todos os dereitos e obrigas que lles corresponden.
- Calquera reclamación será resolta por unha comisión da que formarán parte un representante da Delegación da Federación Galega de Atletismo, un representante da Concellería de Deportes do Concello de Vigo e un representante da Fundación VIDE.
- Puntuacións das probas:

Os e as participantes na Liga irán conseguindo puntuacións en cada unha das probas, as cales irán sumándose. A participación en cada unha das probas xa implica a obtención de 5 puntos, que se sumarán ós acadados polo posto clasificatorio.

PUNTUACIÓNS POR PROBA	
1º clasificado/a	30 puntos + 5 Puntos participación
2º clasificado/a	25 Puntos+ 5 Puntos participación
3º clasificado/a	20 Puntos+ 5 Puntos participación
4º clasificado/a	12 Puntos+ 5 Puntos participación
5º clasificado/a	10 Puntos+ 5 Puntos participación
Participación	5 Puntos

4- INSCRICIÓN:

Os e as participantes que desexen participar no Circuito Cidade de Vigo de carreiras Populares, deberán formalizar a súa inscrición a través dun dos seguintes medios:

- Online, a través do envío á Fundación VIDE do formulario de inscrición dispoñible na Web da propia Fundación VIDE.
- A través das fichas de inscrición dispoñibles en cada unha das probas e que os organizadores entregarán posteriormente ós responsables da Fundación VIDE para a súa inclusión na base de datos do circuito.
- A Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a Fundación VIDE, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informa ao usuario de que os datos persoais que aporta serán incluídos en ficheiros informatizados de carácter persoal da súa titularidade. A concellería de deportes do Concello de Vigo e a Fundación VIDE teñen a obriga de secreto dos datos e o deber de gardalos, e adoptará as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.
- Será descalificado calquera deportista que altere os seus datos persoais.
- Previa a entrega dos premios e galardóns esixiráselle a presentación do DNI orixinal no que se acredite a veracidade e concordancia cos datos aportados na inscrición.

5- PREMIOS FINAIS:

- Os premios en metálico ós gañadores e ás gañadoras da Liga de pedestrismo se outorgan con independencia dos que cada unha das probas entrega ós mesmos.

Categorías	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
M40	300€	200€	100€
M50	300€	200€	100€
M60	300€	200€	100€
F35	300€	200€	100€
F50	300€	200€	100€
F60	300€	200€	100€
Junior-Juvenil Masculino	300€	200€	100€
Junior-Juvenil-Femenino	300€	200€	100€
Promesa-Absoluto masculino	1200€	600€	400€
Promesa-Absoluto Femenino	1200€	600€	400€

- No caso de quedar deserto algún posto, anularíase a cantidade económica correspondente.
- Os premios entregaranse a entrega de premios da última proba do campionato, e disporán das retencións obrigatorias e legais.
- Galardóns Campións e campionas da Liga de Pedestrismo Cidade de Vigo:
Ó final da Liga, farase entrega nun acto de clausura do campionato tanto dos premios correspondentes ós gañadores e as gañadoras, como das distincións e recoñecemento como Campións e campionas da Liga Cidade de Vigo de Pedestrismo 2009 en cada unha das categorías.

4(325).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DOS ÁMBITOS RÚAS SEVILLA E VALENCIA. EXPTE. 60/440.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 17.03.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Corrección de erros. Na resolución da Xunta de Goberno Local de data 27-02-2009, no parágrafo 2 do punto 2º do asunto primeiro da orde do día, no que se acorda adxudicar provisionalmente á Unión Temporal de Empresas formada pola UTE MOVEXVIAL S.L. (30% participación)-CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS INDEPO, S.L. (70% participación) o lote 2 do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Valencia (expte 60-440) substituír 35 por 37, quedando o devandito parágrafo coa seguinte redacción: Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de

maneira permanente en obra o número de 11, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 37 persoas das que 35 terán presenza permanente na obra.

2º.-Adxudicar definitivamente á Unión Temporal de Empresas formada por EIRIÑA, S.L (50% participación) e IMES-API, S.A. (50% participación) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Sevilla por un prezo total de 2.019.229,95 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 278.514,48 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 11, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 39 persoas das que 37 terán presenza permanente na obra.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.

Aportar 11 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 221.893,40 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19-01-2009 e a oferta presentada.

3º.- Adxudicar definitivamente á Unión Temporal de Empresas formada pola UTE MOVEXVIAL, S.L. (30% participación)-CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS INDEPO, S.L. (70% participación)o lote 2 do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Valencia (expte 60-440) por un prezo total de 1.911.680 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 263.680 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 11, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 37 persoas das que 35 terán presenza permanente na obra.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.

Aportar 11 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 210.080 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19-01-2009 e a oferta presentada”.

5(326).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO RÚA ZARAGOZA (ENTRE REGUEIRO E TARRAGONA). EXPTE. 61/440.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 17.03.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Hidroscivil, S.L. (CIF B-36759652) o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de humanización do ámbito da rúa Zaragoza (expte 61-440) por un prezo total de 606.188,31 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 83.612,18 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 4, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 15 persoas das que 13 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %
- Aporta 4 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 66.614,10 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19.01.2009 e a oferta presentada.

6(327).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ÁMBITOS RÚAS ILLAS BALEARES E ILLAS CANARIAS. EXPTE. 62/440.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 17.03.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Corrección de erros. Na resolución da Xunta de Goberno Local de data 27-02-2009, no parágrafo 2 do punto 1º do asunto terceiro da orde do día, no que se acorda adxudicar provisionalmente a MOVEXVIAL, S.L. (CIF B-36.684.157) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Illas Baleares (expte 62-440), substituír 40 por 38 e 36 por 38, quedando o devandito parágrafo coa seguinte redacción: Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 12, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 40 persoas das que 38 terán presenza permanente na obra.

2º.- Adxudicar definitivamente a MOVEXVIAL, S.L. (CIF B-36.684.157) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Illas Baleares (expte 62-440) por un prezo total de 1.869.804 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 257.904 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 12, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 40 persoas das que 38 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 12 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 205.485 euros á execución de melloras ó proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19-01-2009 e a oferta presentada.

3º.- Adxudicar definitivamente a MOVEXVIAL, S.L. (CIF B-36.684.157) o lote 2 do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Illas Canarias

(expte 62-440) por un prezo total de 1.981.349,60 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 273.289,60 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 12, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 40 persoas das que 38 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 12 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 217.735 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19-01-2009 e a oferta presentada.

7(328).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DOS ÁMBITOS RÚA URZÁIZ (ENTRE GRAN VÍA E GREGORIO ESPINO). EX-PTE. 64/440.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 17.03.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Corrección de erros. Na resolución da Xunta de Goberno Local de data 27-02-2009, no parágrafo 4 do punto 2º do acordo do asunto cuarto da orde do día, no que se acorda adxudicar provisionalmente a HIDROSCIVIL, S.L. (CIF: B-36.759.652) o lote 2 do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Urzaiz, substituír 11 por 9 quedando o devandito paragrafo coa seguinte redacción: Aporta 9 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

2º.-Adxudicar definitivamente a Unión Temporal de Empresas formada por EIRIÑA, S.L (50% participación) e IMES-API, S.A. (50% participación) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Urzaiz (Gran Vía – Gregorio

Fernández) (expte 64-440) por un prezo total de 1.663.707,50 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 229.476,90 euros)e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 9, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 33 persoas das que 31 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 9 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 182.825 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19-01-2009 e a oferta presentada.

3º.- Adxudicar definitivamente a HIDROSCIVIL, S.L. (CIF: B-36.759.652) o lote 2 do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Urzaiz (Gregorio Fernández-Gregorio Espino) (expte 64-440) por un prezo total de 1.466.792,50 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 216.109,31 euros)e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 9, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 33 persoas das que 31 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 9 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

- Destina a cantidade de 172.175 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19-01-2009 e a oferta presentada.

8(329).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA VENEZUELA (ENTRE GRAN VÍA E CAMELIAS). EXPTE. 65/440.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 17.03.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A. (CIF A-15168156) o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de humanización da rúa Venezuela (expte 65-440) por un prezo total de 370.825 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 51.148,28 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 4, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 12 persoas das que 10 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescripcóns técnicas ao 4 %.
- Aportar 4 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 36 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 48 meses.
- Destina a cantidade de 40.750 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19-01-2009 e a oferta presentada.

9(330).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA SIMÓN BOLÍVAR (ENTRE VENEZUELA E ECUADOR). EXPTE. 66/440.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 17.03.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A. (CIF A-15168156) procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de humanización da rúa Simón Bolívar (expte 66-440) por un prezo total de 418.319,72 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 57.699,27 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 4, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 13 persoas das que 11 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 4 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 36 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 48 meses.
- Destina a cantidade de 45.969,20 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19-01-2009 e a oferta presentada.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.